



BASES DO **P**REMIO
PROXECTO **F**IN DE **C**ARREIRA

**Colexio Profesional de
Enxeñaría en Informática
de Galicia**

CONTIDO

1	Introdución.....	3
2	Dotación do Premio.....	3
3	Ámbito da Convocatoria.....	3
4	Documentación.....	3
5	Lugar e Prazo de Presentación.....	4
6	Xurado.....	4
7	Publicación do Fallo e Entrega do Premio.....	4

1 INTRODUCCIÓN

Por segundo ano consecutivo, o colexio outorgará os seus premios dentro da II Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia. A través de distintas categorías, os colexiados e colexiadas recoñecerán aquelas iniciativas ou persoas destacadas no ámbito da Enxeñaría en Informática.

Entre os galardóns que se concederán, o CPEIG convoca o Premio Proxecto fin de carreira, aberto á presentación de candidaturas, e que tenta ser un estímulo para os/as estudantes e novos/as titulados/as en Enxeñaría en Informática nas universidades galegas.

A convocatoria farase pública no portal www.cpeig.org, nas páxinas web das facultades e escolas que imparten a titulación e a través da prensa.

2 DOTACIÓN DO PREMIO

A dotación do premio é de 1.000 €. O xurado poderá decláralo deserto en caso de que os proxectos presentados non reúnan a calidade suficiente ou non cumpran os requisitos da convocatoria.

3 ÁMBITO DA CONVOCATORIA

Poden concorrer ao premio todos/as aqueles/las enxeñeiros/as que teñan presentado o proxecto de fin de carreira nunha universidade galega nos anos 2009 e 2010.

4 DOCUMENTACIÓN

Aquelas persoas que desexen optar ao premio deberán aportar a seguinte documentación:

- 1 Ficha resumo do proxecto segundo o modelo indicado.
- 2 Resumo do proxecto, indicando os motivos para a concesión do premio (dous folios).

5 LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Os documentos deberán enviarse por correo electrónico a informacion@cpeig.org indicando no asunto “Premio proxecto fin de carreira”.

O prazo de presentación de candidaturas remata o 15 de setembro de 2010.

6 XURADO

O xurado do premio estará composto por cinco membros formados por un Presidente, un Secretario e tres vogais. Exercerán como Presidente e Secretario os cargos respectivos do CPEIG. Os vogais serán nomeados entre membros da comunidade universitaria con representación das 3 universidades galegas.

A decisión do xurado non poderá ser recorrida.

7 PUBLICACIÓN DO FALLO E ENTREGA DO PREMIO

O fallo do xurado será publicado no portal www.cpeig.org.

A entrega do premio terá lugar no transcurso da II Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia.